

Busca, compara e ... come

O **obxectivo** desta actividade é que o grupo de alumnos de 4º ESO aprenda a argumentar, a traballar en equipo e a tomar decisións sobre é un tema de controversia actual como o consumo de transxénicos

Traballaremos as seguintes **competencias**:

- 1º.- Competencia científica: principalmente a *argumentación*.
- 2º.- Social e cidadá utilizar o coñecemento científico para tomar unha decisión sobre un tema de actualidade.
- 3º.- Comunicación lingüística para facer esta tarefa teñen que ler, escribir e falar de ciencias. En grupos de 4 decidirán se están a favor ou en contra do consumo de produtos transxénicos.
- 4º.- Contribúe a aprender a aprender.
- 5º.- Tratamento da información e competencia dixital. Buscando información en internet.
- 6º.- Autonomía e iniciativa persoal. Teñen que manter a súa opinión fronte ó grupo.


O grupo de 24 alumnos formaran grupos de 4, comezamos a actividade visionando o seguinte vídeo:

<http://www.youtube.com/watch?v=PQ5kDRzR7tw>

Cada alumno recibe o seguinte documento, tras ler o primeiro texto terán que decidir se están a favor ou en contra dos transxénicos. Posteriormente terán que poñerse de acordo entre os membros do grupo e argumentar a decisión que tomaron.

Na segunda parte da actividade buscaran que produtos transxénicos toman habitualmente sen sabelo.

BUSCA, COMPARA E ...COME



Cambiar os xenes nas plantas pode axudalas a que se poidan protexer contra unha enfermidade, tamén pode axudala a sobrevivir cando se expón aos herbicidas (produtos químicos utilizados para matar as malas herbas e plantas) e os insectos. Hai moitos usos para os produtos transxénicos, por exemplo, nalgunhas partes de África, a xente come grandes cantidades de arroz, este cereal pode modificarse para que teña máis vitaminas.

As persoas que apoian aos alimentos xeneticamente modificados sosteñen que poden axudar ás persoas que viven en zonas con malas condicións de crecemento. Cren que estes alimentos poden axudar a terminar con moitos problemas de nutrición no mundo. Os do outro lado do debate preocúpanse pola seguridade dos produtos transxénicos.

En conclusión, non hai un gran acordo sobre o uso dos produtos transxénicos e ao parecer este debate non se pechará dunha maneira pronta, polo que se espera que sigan as dúbidas sobre o uso destes produtos.

*Estades a favor ou en contra dos transxénicos? Razoade a resposta.

*Indica se as seguintes informacións vos animan ou desaniman a utilizar alimentos transxénicos, razoando a resposta.

1º.- Alimentos transxénicos: unha ameaza para a fertilidade.

Noa Vázquez Rendal Asesora dietética

Licenciada en Bioloxía e en Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos.

Nun estudo dos escasos realizados a longo prazo dos efectos dos transxénicos na alimentación, conclúe que a fertilidade dos ratos alimentados con millo modificado xeneticamente viuse seriamente danada, cunha descendencia menor que os ratos alimentados con millo convencional.

2º.- Un experto xenetista asegura que no futuro toda a carne será clonada.(Voz de Galicia 26/10/2010)

O xenetista e biólogo molecular Francisco J. Ayala afirma: «Non coñezo -dixo- a ningún especialista na materia que estea en contra dos alimentos transxénicos», polo que cre que, co tempo, acabarán impóndose en Europa. En Estados Unidos, por exemplo, o 90% do algodón e outro tanto da soia que entra nos mercados foi modificado xeneticamente para obter un produto de maior calidade, mentres que o arroz que se cultiva en determinados países asiáticos introduce unha variación xenética que lle aporta máis vitaminas.

3.- A agricultura ecolóxica está ameazada- a coexistencia non é posible

As persoas dedicadas á agricultura biolóxica están extremadamente preocupadas de que un modo de produción exitoso e acorde á natureza estea ameazado na súa existencia por estar imposta a unha coexistencia co cultivo de OGM. a través de cruces virá a contaminación das propias sementes, a través das sementes de cultivo con OGM. Nin as abellas manteñen rutas de voo determinadas polos homes, nin se pode evitar que, a causa do vento, haxa unha diseminación das plantas florecidas a través de moitos quilómetros. Unha vez que se libera na natureza unha sustancia hereditaria transformada xeneticamente, xa non se pode retomar nin controlar.

4°.-Iniciativa para a Protección Xenética (IPG)

O pobo suízo debía decidir se freaba os avances da enxeñaría xenética e da biotecnoloxía.

Unha iniciativa popular formada principalmente por grupos ecoloxistas, algunhas ONGs e o Partido Verde, tiña como meta a prohibición de animais e plantas transxénicos (baseándose en posibles riscos sobre a saúde, o medio ambiente e en razóns éticas)

. Unha ampla maioría da poboación suíza estaba en contra da enxeñaría xenética.. Á biotecnoloxía quedaban poucos meses de vida .Os científicos tiveron que saír á rúa coas súas batas brancas para tentar establecer pontes de entendemento entre os seus coñecementos especializados e as actitudes e prevencións da poboación.

Actualmente Suíza é un dos países europeos punteiros en Biotecnoloxía

***OÍCHES FALAR DÁ GUIA VERDE E VERMELLA DE GREENPEACE?**

Si..

Non..

Mira a lista no seguinte enlace e fai unha relación dos produtos consumes habitualmente que conteñen OGM.

<http://www.greenpeace.org/espana/es/reports/gu-a-vermella-e-verde/>

RESULTADOS:

Resultou difícil que discutiran sen gritar nin intentar impoñer a vontade de cada un.

Finalmente redactaron a súa conclusión e ningún grupo estaba a favor da utilización de transxénicos.

Entre os argumentos que aportaban estaban:

- Provocan alerxias*
- Non son seguros, poden producir enfermidades, esterilidade acabarán coa biodiversidade....*
- Non se fían da rigurosidade do seu seguimento.*
- Algún grupo pensaba que os granxeiros perderían os seus traballos xa que os transxénicos os cultivan os científicos.*
- Noutro grupo pensou que os animais se desorientaban ao consumilos (abellas).*

Por outra banda tamén consideran, a maioría, que non se debe abandonar a investigación, pero ata que se teña claro que son inocuos non os deberían comercializar.